

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 19 DE OUTUBRO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Dada a grave situación económica e de xestión na que se encontra o concello, ¿por que non convocou o alcalde un pleno extraordinario para informar publicamente e no lugar apropiado sobre esta situación, en lugar de ir aos medios?”.

O Sr. presidente intervé e manifesta que a consideración do alcalde foi primeiro informar aos voceiros dos grupos municipais e despois facelo público.

“2ª.- ¿Antes de que a secretaria ou a interventora informen desfavorablemente, se fai o posible por seguir as súas recomendacións?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que son a través deses informes de contratación, secretaría e intervención cando chegan aos técnicos.

“3ª.- ¿Por que fan responsables da situación de colapso na xestión á actual secretaria e á interventora, cando tamén hai informes desfavorables do anterior interventor e da técnica da administración?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que se están a demorar os prazos nos procedementos en Contratación e Intervención; que se está a traballar con criterios diferentes nos dous departamentos; que non responsabiliza a ninguén e que está a dicir o que pasa.

“4ª.- ¿Canto se acumulou de impago a provedores do Concello só no terceiro trimestre de 2023, é dicir, nos meses de xullo, agosto e setembro?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que dende 9 de xuño ao 30 de setembro, 3.172.775,60 euros.

O Sr. presidente intervén e manifesta que a interventora di que cantas están conformadas e cantas non; que o que se pregunta é canto é o acumulado; que mañá se lle comunicará cantas están conformadas e cantas non; di que ampliará esta información co que di a interventora ao respecto.

“5ª.- ¿Coinciden ambos socios de goberno coas declaracións expostas nos medios polo alcalde na rolda de prensa do 29 de setembro de 2023?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei quen manifesta que dende o grupo municipal do partido socialista de Cambre se apoia o texto da rolda de prensa; que considera que a situación se volveu insostible debido aos cambios de criterios adoptados á hora de informar afrontar os pagos do concello o que fai un momento complicado para todos, veciños, provedores, traballadores, funcionarios e grupos municipais; que por todo isto considera necesario que todo o mundo coñeza esta situación existente.

“6ª.- ¿Que servizos municipais de Cambre teñen os contratos en precario a data de hoxe?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que son os seguintes: servizo de abastecemento de auga, mantemento de iluminación pública, subministración de enerxía eléctrica e combustible, telecomunicacións, limpeza viaria, zonas verdes, limpeza de instalacións municipais, concesión da piscina municipal, desratización, desinfección e desinsectación, mantemento de marquesiñas e postos de paradas bus e mantemento parques infantís.

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE, SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Ante esta situación de falta de persoal, ¿de cantos policías se dispoñen para cubrir as quendas de noite e en especial os fins de semana?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que para cubrir todos os turnos se dispón agora mesmo de trece axentes de turno, un oficial de turno e un inspector xefe.

“2ª.- ¿Cando se reanudarán as obras do parque Ramón Barba no Temple, que levan paradas desde fai varias semanas?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que as obras nunca se pararon; que as obras están dentro do programa de actuación e di que avanza que axiña haberá moita actividade.

“3ª.- ¿Que solución propón o goberno municipal en caso de que a empresa Instelec deixe de prestar o servizo de mantemento da iluminación pública polos impagos do concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que nestes momentos non se considera nin sequera ese escenario que formula.

“4ª.- Ante o Erte anunciado pola empresa Xardincelas, ¿se mantén con normalidade a prestación do servizo de limpeza?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen manifesta que en canto á relación do concello coa empresa, si.

“5ª.- Ten asegurado o parque móbil da Policía municipal e protección civil o mantemento dos vehículos e o subministración de combustible, ante esta situación de impagos os provedores?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que a día de hoxe, si.

“6ª.- ¿Con que compañía está en vigor a póliza de responsabilidade civil do Concello?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen manifesta que non é coñecedor deste dato; que lle corresponde á área de Réxime Interior, non a Seguridade Cidadá.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES,
XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1ª.- Ante a situación do Concello, ¿Se manteñen todas as actividades culturais e festivas habituais programadas para estes próximos meses ou se vai a cancelar algunha?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen manifesta que a súa intención é manter as actividades culturais e festivas programadas dende a concellería de Cultura; que se vaian a cancelar ou non dependerá de que os pregos técnicos sexan correctos e que dea a súa conformidade o departamento de contratación.

“2ª.- Ante a situación do Concello, ¿Van a manterse todas as actividades do nadal deste ano, como a cabalgata ou o poboado do nadal?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen manifesta que respecto da cabalgata que o prego técnico está feito e delegado; que a continuación do trámite do expediente depende agora mesmo de contratación.

O Sr. presidente intervén e manifesta que o poboado de nadal está na mesma situación.

“3ª.- ¿Para cando se vai celebrar o xantar dos maiores?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra a Sra. Prieto Lamas quen manifesta que a data se concretará cando teñan a certeza de que se pode celebrar.

“4ª.- ¿Cando van a cobrar as bolsas de deportistas os beneficiados?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra a Sra. Rodríguez López quen manifesta que a día de hoxe o departamento de Deportes está á espera de que se lle remita o certificado dos asentos de rexistro; que unha vez recibido o certificado, se convocará a comisión de valoración para continuar coa tramitación.

“5ª.- ¿Van a recuperar o servizo de Moucho Leroucho para as bibliotecas municipais?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen manifesta que a súa intención é que si.

“6ª.- ¿Se van a ver afectados os programas de desenvolvemento local de apoio ao comercio, por esta situación de impagos?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que se verá o que ocorre.

Pregunta do Bloque Nacionalista Galego presentada oralmente

Sorprende ver os carteis das distintas asociacións expostos en distintos sitios onde o galego brilla máis ben pola a súa ausencia, sendo actividades feitas en coordinación co concello e subvencionadas e



pregunta cal é a política que se está a aplicar para que cando menos de xeito oficial por parte das asociacións se traslade esa información na lingua galega?.

O Sr. presidente intervén e manifesta que se lle contestará por escrito.